



## CONCELLO DE GUNTÍN (LUGO)

ANUNCIO CONVOCATORIA DE EMPREGO.

O Concello de Guntín por Resolución de Alcaldía de data 27/09/2022, aprobou as BASES XERAIS DA CONVOCATORIA PARA A AMPLIACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO DE RESERVA NA CATEGORIA DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR (AMPLIACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO VIXENTE DE DATA 19/10/2021 A TRAVÉS DE DECRETO DE ALCALDÍA NÚMERO 2021-0301), MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN. PERSOAL LABORAL TEMPORAL. XORNADA SEGUNDO SE PRODUZA AUMENTO NAS CIRCUNSTANCIAS DE PRODUCCIÓN. DURACIÓN DO CONTRATO: MÁXIMO 6 MESES. CUN MÁXIMO DE DURACIÓN ATA FIN DA BOLSA DE EMPREGO DE RESERVA VIXENTE DE DATA 19/10/2021

- Modalidade de contratación: contrato: circunstancias de produción ou substitución de persoal traballador.
- Xornada: segundo circunstancias de produción, de luns a domingo, festivos incluídos, segundo necesidades do servizo
- Duración de contrato: máximo 6 meses.
- Duración da bolsa de reserva: ata fin da bolsa de emprego vixente de data 19/10/2021, a través de Decreto de Alcaldía 2021-0301.
- Salario: a retribución mensual bruta será de : 1.123,42 €/mes.

Funcións: Atencións domésticas: todas aquelas actividades e tarefas que se realizan de forma continua no fogar relacionadas coa alimentación, limpeza, mantemento da vivenda, etc., Atencións persoais: actividades relativas a facilitar ao apoio social efectivo, tales como compañía, hixiene persoal, acompañamento a xestións e mobilización dentro do fogar; Axuda ás persoas dependentes.

Prazo para presentación de solicitudes: 5 días hábiles a partir da publicación do presente anuncio no Diario o Progreso de Lugo.

- No caso de solicitudes por correo, rógase aviso por fax ao 982 32 00 88.
- As bases atópanse dispoñibles en:

paxina web: : [www.guntin.es](http://www.guntin.es)

oficinas xerais do Concello de Guntín.

no taboleiro de anuncios do Concello de Guntín

En Guntín na data da sinatura electrónica.

